




<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Sello o Certificación Mecánica



15078DCONWI0BP>
15078DCONWI0BP>"»
15078DCONWI0BP>"»

Asunto

Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social -

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONCERTACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DUN CONVENIO DE ASOCIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CUNHA MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

DISPOSIÇÕES XERAIS

1.- OBXECTO DO CONVENIO

A presente convocatoria pública ten por obxecto a **Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social** como entidade colaboradora da Seguridade Social para o Concello, ó amparo do RD Lexislativo 1/1994 de 20 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social, que dea cobertura ás prestacións por continxencias profesionais derivadas dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais, e á xestión das prestacións económicas derivadas da incapacidade temporal por continxencias comúns, do persoal ao servizo do Concello de Santiago de Compostela, con suxeición ao establecido na normativa aplicable e ao previsto nos pregos de condicións administrativas e de prescricións técnicas particulares.

A mutua xestionará e dará cobertura ás prestacións por continxencias profesionais e por continxencias comúns para o conxunto de todos os empregados públicos ao servizo do Concello de Santiago de Compostela. A mutua, polo tanto, asumirá a xestión dos colectivos do persoal funcionario de carreira do Concello de Santiago, persoal interino, persoal eventual, persoal directivo ao servizo do concello, cargos públicos e políticos da corporación municipal con dedicación exclusiva ou parcial que coticen á Seguridade Social, persoal laboral (fixo, indefinido, temporal, etc) contratado polo concello; persoal de escolas e obradoiros de emprego municipais, casas de oficios e outros supostos similares que supoñen alta e cotización á seguridade social ao cargo do concello. Na cobertura da mutua inclúese a todo o persoal ao servizo do Concello de Santiago, calquera que sexa o seu posto ou lugar de traballo. A mutua asumirá as variacións que se produzan.

A execución do convenio deberá adecuarse ao prego de prescricións técnicas particulares, que ten carácter contractual. No Anexo I do prego de prescricións técnicas particulares figura a relación dos centros e lugares de traballo do Concello de Santiago, e a distribución aproximada do persoal ao seu servizo.

1.2.- A efectos de que os concursantes teñan coñecemento actual do alcance do obxecto do convenio e dos compromisos a asumir pola adxudicataria, a suma de traballadores do total dos Códigos de Conta de Cotización (CCC) no mes de abril de 2012 foi de 661 traballadores, e a suma das primas e cotas de cotización á Seguridade Social por continxencias profesionais e por continxencias comúns no mes de abril de 2012 ascendeu a un total de 586.021,94 €.

1.3.- Queda expresamente excluído o persoal ao cargo dos organismos autónomos e empresas

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

públicas municipais que pertencen aos seus propios cadros de persoal e relación de postos de traballo.

1.4.- O convenio coa mutua non inclúe a realización de actividades como servizo alleo de prevención de riscos laborais.

2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente convenio e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O convenio que en base a este prego se formalice rexeráse:

- Polas cláusulas contidas neste prego e as especificacións do prego de prescricións técnicas.
- Polo Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP).
- Polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da lei de Contratos das Administracións Públicas, en tanto continúe vixente.
- Pola lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Polo Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido la Lei Xeral de Seguridade Social.
- Polo Real Decreto 1993/1995, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, modificada polo Real Decreto 576/1997 de 18 de abril.
- Pola lei 3/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.
- Polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Servizos de Prevención.
- Supletoriamente as restantes normas de Dereito Administrativo e no seu defecto as de Dereito Privado.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do convenio, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do convenio.

Estarán facultadas para participar na licitación as Mutuas de Accidentes de Traballo e de Enfermidades Profesionais da Seguridade Social definidas polo art. 68 do TRLGSS constituídas conforme ao establecido no Capítulo II do título I do Regulamento Xeral sobre colaboración na xestión das Mutuas de Accidentes de Traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, que contén con aprobación do Ministerio de Traballo. As mutuas de A.T. e E.P. deberán estar autorizadas para actuar como entidades colaboradoras da seguridade social, na xestión do réxime xeral da seguridade social, tanto para as continxencias profesionais como para a xestión das prestacións económicas das incapacidades temporais por continxencias comúns.

As mutuas, para poder participar na licitación, deberán contar, polo menos, con un centro sanitario asistencial propio da mutua e con oficinas administrativas e de atención ao público propias da mutua, e ambos centros deberán estar situados dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do convenio así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP, ou no caso de convenios suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

4.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do convenio, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do convenio executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do convenio os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto na cláusula 11.5 do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.g) da TRLCSP. (art. 64 TRLCSP)

Para estes efectos os licitadores deberán aportar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

A) Relación de méritos do máximo responsable e encargado da execución do convenio, que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na realización de traballos con idénticas características ás do convenio, na que se indicará a súa titulación académica e profesional.

B) número de traballadores, especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais: relación de material, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ó convenio, axeitada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Documentación que xustifique a parte do convenio que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil do empresario, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a) TRLCSP). Non obstante requirirá autorización previa da administración.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte.

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 84.1 da TRLCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente convenio, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP)

4.4.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES

Non procede.

6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

6.1.- Aos efectos do presente convenio, a contraprestación económica a percibir pola mutua adxudicataria está determinada unicamente polas cotizacións por contingencias profesionais e por contingencias comúns que correspondan conforme á vixente lexislación da seguridade social, mediante a aplicación das primas e cotas establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano correspondente.

6.2.- A mutua adxudicataria non terá dereito a ningunha retribución polas prestacións complementarias do obxecto principal que incorporen na súa oferta.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO

Existe o crédito orzamentario preciso para atender as obrigas derivadas desta licitación e concurso, xa que esta licitación non suporá incremento do crédito orzamentario xa existente, nin custo adicional ningún. As partidas do orzamento municipal que son específicas para facer fronte ao ingreso das cotas e primas de cotización ao sistema da Seguridade Social seguirán sendo as mesmas.

8. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede, toda vez que o art. 108 do TRLXSS establece que a determinación das primas por contingencias de accidente de traballo e enfermidade profesional fixaranse en función da tarifa de porcentaxes que legalmente se estableza.

9. DURACIÓN DO CONVENIO. PRAZO DE EXECUCIÓN

O convenio terá un prazo máximo de execución de 1 ANO, a contar dende a data que se estipule no convenio e no documento de asociación que se subscriba coa mutua seleccionada.

O convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por periodos máximos de un ano, se ben, a duración total do convenio incluídas as prórrogas, non excederá de 4 ANOS.

A vixencia do convenio poderá ser denunciada por calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou de calquera das prórrogas.

En todo caso, a data de vencemento do convenio coincidirá co último día do mes, conforme ao artigo 62 do R.D. 1993/1995, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social.

II

ADXUDICACIÓN DO CONVENIO

10.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

O convenio adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación:

10.3.- Criterios de adxudicación:

A) Criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou fórmulas:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

A1) Número de centros sanitarios asistenciais propios da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros sanitarios asistenciais propios ofrezca e dispoña en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 15) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros sanitarios asistenciais propios da mutua situados no termo municipal de Santiago e ofertados na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros sanitarios asistenciais propios ofertados situados no termo municipal de Santiago.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros sanitarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo.

Non serán computables aos efectos deste criterio os centros sanitarios concertados en Santiago de Compostela e que pertencen a outras mutuas ou a outras entidades distintas da mutua.

A2) Número de centros hospitalarios propios da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros hospitalarios propios dispoña en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 15) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros hospitalarios propios da mutua situados no termo municipal de Santiago e ofertados na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros hospitalarios propios ofertados e situados no termo municipal de Santiago.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo.

A3) Número de centros hospitalarios cos que a mutua ten un concerto no termo municipal de Santiago na Compostela, para a cobertura da asistencia médica, atención médica de urxencias, prestación sanitaria, recuperadora e rehabilitadora para o persoal do Concello de Santiago.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIOBP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Valorarase ate 10 puntos, de xeito que a proposta daquela mutua que máis centros hospitalarios teña concertados en Santiago de Compostela levará a maior puntuación e ás restantes asignaráselles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación da oferta (P)} = (\text{Nco} \times 10) / \text{Mnco}$$

onde;

P: é a puntuación a obter por este criterio na oferta a considerar.

Nco: é o número de centros hospitalarios concertados no termo municipal de Santiago na proposta a considerar.

Mnco: é o maior número de centros hospitalarios ofertados e concertados no termo municipal de Santiago.

Non se computarán a estes efectos os hospitais de titularidade pública do Servizo Galego de Saúde situados en Santiago de Compostela. Así mesmo, aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios concertados da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Aos efectos deste criterio non se computarán os centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital.

A4) Servizo de atención médica de urxencias con horario de 24 horas (todo o ano, 365 días) que sexa de uso exclusivo para os asegurados na mutua, e en centros sanitarios ou hospitalarios propios da mutua e situados dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

As ofertas que presenten este servizo específico en centros sanitarios ou hospitalarios propios da mutua situados en Santiago de Compostela e que sexa de uso exclusivo para o persoal asegurado na mutua se lles valorará pola existencia deste servizo con 10 puntos.

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorará este servizo se na oferta da mutua non se identifica o centro sanitario ou hospitalario no que se prestará o servizo e cando non conste claramente na oferta o seu enderezo.

A5) Proximidade do centro sanitario asistencial propio da mutua no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

Valorarase ate 15 puntos. Darase maior puntuación ás mutuas que dispoñan dun centro sanitario asistencial propio máis próximo ao concello. Aos efectos deste criterio, tomarase como punto de partida o edificio da Casa do Concello de Santiago, Pazo de Raxoi, na Praza do Obradoiro.

- A unha distancia inferior a 3 km.....15 puntos
- A unha distancia inferior a 6 km.....10 puntos
- A unha distancia de 6 km ou máis.....5 puntos

Aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros sanitarios propios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo.

A6) Disponibilidade de centro/s hospitalario/s propio/s da mutua na comunidade autónoma de Galicia, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

As ofertas que conten na súa rede asistencial con hospitais propios da mutua situados na comunidade autónoma de Galicia, se lles valorará pola existencia deste servizo hospitalario con 5 puntos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Non se valorarán aos efectos de aplicar este criterio os hospitais propios da mutua situados en Santiago de Compostela, os cales xa se valoran e computan en outro criterio. Así mesmo, aos efectos da aplicación deste criterio, non se valorarán os centros hospitalarios da mutua que non sexan perfectamente identificables e dos que non conste claramente na oferta o seu enderezo. Aos efectos deste criterio non se computarán os centros sanitarios que non teñan a consideración de hospital.

B) Criterios de adjudicación non avaliados mediante cifras ou fórmulas:

B1) Procedemento de análise, control e seguimento das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais. Valorarase a proposta de confección de estatísticas mensuais, trimestrais, semestrais e anuais de accidentes de traballo (con e sen baixa e diferenciando os accidentes *in itinere*) por servizo/posto de traballo/clase de convenio/etc; e a proposta de accións tendentes a reducir a sinistralidade laboral no Concello de Santiago. As ofertas valorarase de 0 a 5 puntos.

B2) Procedemento de análise e seguimento dos índices de absentismo laboral e dos custos asociados. Valorarase a proposta de confección de estatísticas mensuais, trimestrais, semestrais e anuais de absentismo laboral por servizo/posto de traballo, incluíndo os custos que supón para o Concello de Santiago, e diferenciando o absentismo derivado dos A.T. e E.P. do absentismo derivado das contingencias comúns (accidente non laboral e enfermidade común); e a proposta de accións tendentes a reducir o absentismo no Concello de Santiago. As ofertas valorarase de 0 a 3 puntos.

B3) Protocolo e rede de asistencia sanitaria por accidente de traballo fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e/ou fóra de España. Valórase o protocolo de prestación desta asistencia sanitaria e a rede asistencial de servizos médicos ambulatorios e hospitalarios propios da mutua e a rede asistencial de servizos ambulatorios e hospitalarios concertados a nivel nacional e a nivel internacional, a prestación do servizo medicalizado de repatriación dende o extranxeiro, a cobertura do traslado para un acompañante, etc. As ofertas presentadas valorarase de 0 a 5 puntos.

B4) Readaptación profesional a cargo da mutua en caso de accidentes de traballo. Cursos, servizos e prestacións dirixidas a traballadores discapacitados. Valorarase o número, a proximidade, e a calidade dos centros propios ou concertados de readaptación profesional, así como o número, variedade e especialidades dos talleres, cursos, servizos e prestacións para persoal do Concello de Santiago. As ofertas presentadas valorarase de 0 a 4 puntos.

B5) Protocolo de actuación na entrega e reposición das caixas de urxencias e material de primeiros auxilios. Valorarase o prazo de compromiso de entrega, a adecuación, calidade e fiabilidade do procedemento de entrega, así como a posta a disposición do Concello de Santiago de calquera tipo de conexión ou sistema en tempo real que facilite a xestión neste apartado. As ofertas presentadas valorarase de 0 a 4 puntos.

B6) Sistema de xestión dos servizos ofertados pola mutua adaptado ás necesidades e funcionamento do concello e outras prestacións complementarias relacionadas co obxecto do convenio. Valorarase outras prestacións que libremente poidan realizar as mutuas, como por exemplo, os fondos de asistencia social (prestacións especiais a favor de traballadores accidentados, das súas familias, etc). Valorarase a posibilidade de contar cun interlocutor único da

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

mutua para a xestión co concello, a coordinación e a adaptación do sistema de traballo da mutua ao funcionamento do concello, a atención telefónica, a posibilidade de acceso, consulta e xestión dos servizos a través das redes de internet, o horario de atención e de xestión administrativa da mutua en Santiago, organización e docencia de seminarios, cursos, charlas, xornadas ou campañas informativas/formativas e de sensibilización (concretando dentro da súa oferta: a programación, os contidos, a duración en horas e modalidade, os colectivos aos que se dirixe, a periodicidade, os docentes e ponentes, etc) e outras. Aos efectos deste criterio valórase con maior puntuación a maior contía de axudas concedidas, o maior importe das axudas e maior número de beneficiarios, para o cal a mutua deberá concretar na súa oferta os importes, número e características das axudas e beneficios sociais concedidos pola mutua dentro da comunidade autónoma de Galicia nos últimos dous anos (anos 2010 e 2011). As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 4 puntos.

B7) Valoración cualitativa da rede de centros asistenciais e hospitalarios propios e concertados da mutua en Santiago de Compostela. Valoraranse as especialidades e servizos que se ofertan para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras, rehabilitadoras e sociais para o persoal do Concello de Santiago, a situación e a calidade das instalacións e do servizo prestado (consultas, número de camas -só para hospitais-, locais para formación, horarios de atención, especialidades médicas, medios humanos -médicos por especialidade, ATS/DUE-, medios materiais, etc...). Aos efectos deste criterio valorarase con maior puntuación a mellor dotación de medios propios da mutua existentes en Santiago de Compostela, para o cal a mutua deberá concretar na súa oferta os datos de identificación (nome e apelidos do persoal que está dado de alta na mutua en Santiago, titulación, especialidade, experiencia profesional ou antigüidade na mutua, etc) dos seus recursos humanos existentes en Santiago de Compostela (do seu persoal médico e sanitario, psicólogos, fisioterapeutas, traballadores e asistentes sociais, etc) e os datos de identificación e características técnicas e de funcionamento das súas instalacións en Santiago de Compostela (dimensións totais do centro da mutua, metros cadrados de superficie para atención e consulta sanitaria, salas de espera, de diagnóstico, ximnasio e salas de rehabilitación, dotación de medios materiais e tecnolóxicos das instalacións, horarios de funcionamento, etc). As ofertas presentadas valoraranse de 0 a 5 puntos.

11.- GARANTÍA PROVISIONAL

Na presente licitación non se esixe garantía provisional ou definitiva en atención ó contido do artigo 18 do Real Decreto 1993/1995 de 7 de decembro.

12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

12.1.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **15 días naturais** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

12.2.- A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-54.23.04), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

12.3.- Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas da Sección municipal de Contratación.

12.4.- A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

12.5.- A presentación da proposición deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose en caso contrario todas as presentadas polo licitador.

13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

13.1.- As proposicións constarán de sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social CON/45/2012** e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

13.2.- **SOBRE Nº 1** Subtitulado: Documentación Xeral **Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social CON/45/2012**

O seu contido será o seguinte:

13.2.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

13.2.1.1.- **Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

falta, que actúan con habitualidad no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do convenio.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun convenio suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

13.2.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

13.2.1.3.- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do convenio, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do convenio derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

13.2.2.- Certificación conforme se atopa autorizada como mutua para colaborar coa Seguridade Social na xestión das continxencias profesionais derivadas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais e das continxencias comúns.

- A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, **acreditarse** pola presentación do correspondente documento expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social que certifique a autorización da mutua para á prestación do obxecto do convenio como entidade colaboradora da Seguridade Social.

- Declaración sobre o volume global de negocios no ámbito das actividades correspondentes ó obxecto do convenio referido ós tres últimos exercicios dispoñibles.

- Relación dos principais servizos ou traballos realizados durante os tres últimos anos.

- Acreditará que a mutua dispón, polo menos, dun centro sanitario asistencial propio da mutua en Santiago de Compostela, e de oficinas administrativas e de atención ao público propias da mutua, ambos dentro do termo municipal de Santiago de Compostela.

- Renuncia expresa, outorgada polo órgano competente da mutua, a favor do Concello de Santiago de Compostela, á esixencia, en concepto de garantía, do ingreso anticipado do importe dun trimestre das cotas e primas correspondentes.

13.2.3.- Estatutos da mutua, aprobados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Testemuño xudicial, certificación administrativa ou **declaración responsable** do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 da TRLCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 73 e 146.1.c) TRLCSP) así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela. (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

13.2.4.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do convenio, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

13.2.5.- A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do convenio.

- Certificado de clasificación (de ser exigible), a condición de que no certificado do Rexistro de Contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do convenio, ou, no seu caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

13.3.- SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social CON/45/2012**

Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do convenio, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do convenio, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

13.3.- SOBRE Nº 3: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social CON/45/2012**

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE.

Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscriba na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do convenio, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do convenio, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

13.3.2.- Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do convenio

13.3.4.- O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscribas. (art. 145.3 TRLCSP)


13.3.5.- Os licitadores deberán incluír na súa proposición unha relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do convenio.

14.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación estará integrada por:

Presidente: O concelleiro delegado de Réxime Interior ou, no seu defecto, calquera outro no que expresamente delegue o Sr. Alcalde.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32



Vocais:

- Un representante de cada grupo político municipal.
 - A xefe do servizo de Persoal.
 - O técnico de Prevención de Riscos Laborais.
 - O Director da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.
 - A interventora municipal de fondos, ou persoa que a substitúa.
- Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

Ós efectos de axilidade no procedemento, as reunións da mesa de contratación serán convocadas ós seus membros vía fax ou correo electrónico.

15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

16.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

16.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do **SOBRE Nº 1** e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do **SOBRE Nº 2** dos licitadores admitidos contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación **NON** avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

A apertura deste **SOBRE Nº 2** terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 1** e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de **3 días hábiles** a súa celebración.

16.2.- No prazo máximo de 20 días hábiles a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 2** realizarase a avaliación dos criterios ós que se refire o apartado anterior, e tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que se estime oportuno, fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura en acto público do **SOBRE Nº 3**, que contén os criterios de adxudicación avaliábles mediante cifras ou porcentaxes, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de **3 días hábiles** a través do perfil de contratante do órgano de contratación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

16.2.1.- Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta da ponderación acadada por cada licitador admitido nos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do convenio e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

16.2.2.- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do SOBRE Nº 3 dos licitadores admitidos, dando lectura ós criterios.

Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixárase constancia na acta da reunión da Mesa.

16.3.- A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ó Concello. (art. 160.2 TRLCSP).

17.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

17.1. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do convenio.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

17.2. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do convenio que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditarlo mediante declaración responsable.

- O Concello comprobará, de oficio, que o licitador proposto como adxudicatario non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela. De telas, requiriráselle para que, no mesmo prazo de 10 días hábiles que se lle conceden para o depósito da fianza definitiva e demais taxas, aboe os importes pendentes.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP.

- Copia da Poliza de Responsabilidade Civil e xustificante do seu pagamento.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

18.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o convenio dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIQBP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ó adxudicatario do convenio sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do convenio deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 161.2 TRLCSP)

III

FORMALIZACIÓN DO CONVENIO

19.- FORMALIZACIÓN DO CONVENIO

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación na forma prevista no artigo 151.4 da TRLCSP, o documento administrativo de formalización do convenio, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do convenio, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 59 TRLCSP)

O documento en que se formalice o convenio será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o convenio poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do convenio sen a formalización do mesmo.

IV

EXECUCIÓN DO CONVENIO

20.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONVENIO

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

Os traballos e actividades que, en xeral, se realicen para o Concello de Santiago pola mutua adxudicataria estarán suxeitos a un control e supervisión municipal, que se realizará a través do servizo de Xestión de Persoal do Concello de Santiago.

Ao respecto daquelas actividades concretas da mutua adxudicataria que estean directamente relacionadas coa prevención de riscos laborais, como por exemplo, a xestión do material de

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONW10BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

primeiros auxilios e caixas de urxencias, tamén estarán sometidas a un control por parte da Sección Municipal de Prevención de Riscos Laborais.

21.- OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

O convenio executarase con estrita sujeción ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, derlle o responsable do convenio designado polo órgano de contratación.

A adxudicataria deberá cumprir coas actividades, obrigas, e prestacións por continxencias profesionais e comúns que lle correspondan como Mutua de A.T. e de E.P. con respecto do Concello de Santiago de Compostela e do seu persoal que estea asegurado na mesma, e que establece a normativa como entidade colaboradora na xestión da Seguridade Social, especialmente, a Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, o Real Decreto 1993/1995, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Colaboración das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais, e as demais disposicións de aplicación.

A execución do convenio realizarase a risco e ventura do contratista. (art. 215 TRLCSP)

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do convenio. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 214 TRLCSP)

O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do convenio, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 305 da TRLCSP. Se o convenio se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do convenio, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

O contratista deberá cumprir a normativa de prevención de riscos laborais, e para cumprir a obriga do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá cooperar e coordinarse co Concello para a aplicación da mesma, respectar as instrucións e normas internas de seguridade e saúde laboral do Concello e cumprir co procedemento municipal de coordinación e control de actividades e contratacións.

22.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do convenio, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente. (art. 161.5 TRLCSP)

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do convenio todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do convenio, incluídos os posibles desprazamentos.

23.- ABONOS AO CONTRATISTA

Esta licitación non suporá incremento do crédito orzamentario xa existente, nin custo adicional ningún. As partidas do orzamento municipal que son específicas para facer fronte ao ingreso das cotas e das primas de cotización ao sistema da Seguridade Social seguirán sendo as mesmas.

O Concello de Santiago seguirá ingresando as primas e cotas de Seguridade Social como antes da licitación e en igual contía, segundo as correspondentes normas de cotización e con cargo ás mesmas partidas orzamentarias, de tal xeito que a Tesourería Xeral da Seguridade Social traspasará á mutua adxudicataria as contías que lle correspondan de acordo á normativa vixente.

24.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do convenio nos termos previstos na cláusula 9 do presente prego.

Se chegado o final do traballo, o contratista incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do convenio con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do convenio

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do convenio, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mouro do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 da TRLCSP.

25.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMIENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONVENIO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do convenio, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do convenio os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o convenio con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do convenio. (art. 212.1 TRLCSP)

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no convenio, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

Infraccións:

As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do convenio establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.
- b. O incumprimento polo adxudicatario da normativa en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e Seguridade Social dos empregados.
- c. Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte do obxecto do convenio, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.
- d. As interrupcións ou suspensións na execución do convenio, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.
- e. O incumprimento da obriga do contratista de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ó convenio, sempre que mediara requirimento municipal para a corrección destas circunstancias, non atendido no prazo dun mes.
- f. O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do convenio que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.
- g. Falsear información a subministrar ó órgano de control do Concello, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.
- h. A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

- i. O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para o contratista.

Consideraranse infraccións graves :

- O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ó convenio, agás que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- A obstrución polo adxudicatario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.
- A falta de contracción de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.
- A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

Considéranse infraccións leves:

- Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.
- Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

Sancións:

As infraccións cometidas polo xestor sancionaranse da seguinte forma:

- As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.
- As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.
- As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050,60 euros ou declarar a resolución do convenio.

Todas as sancións imporanse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

V

CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

26.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Non se admitirá a cesión do convenio. No caso de producirse será causa de resolución do mesmo.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do convenio principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que vaia iniciarse a execución do subconvenio, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

- .- Comunicación do subconvenio a celebrar, subscrita polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do convenio a subcontratar e o seu importe.
- .- Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 da TRLCSP.
- .- Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subconvenios precedentes, se os houberse, non exceden do 40% do importe de adxudicación do convenio principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subconvenios realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do convenio principal.
- .- Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 227 da TRLCSP.

As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subconvenio ao longo da súa execución, deberán ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

Será requisito indispensable para o abono das correspondentes certificacións ou facturas ao contratista, que o director ou supervisor da execución do convenio emita informe ou dilixencia facendo constar a porcentaxe subcontratada ata a data polo contratista para a execución do convenio principal ou, no seu caso, constatando que non se produciu subcontratación.

VI

MODIFICACIÓN DE CONVENIO

27.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O convenio poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 210, 219 e 306 da TRLCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 156 e 219 da TRLCSP.

28.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONVENIO

Se a Administración acordase a suspensión do convenio ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 da TRLCSP e a cláusula 25.2 do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIOBP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 309 da TRLCSP.

VII

FINALIZACIÓN DO CONVENIO

29.- CUMPRIMENTO DO CONVENIO

O convenio entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do convenio susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

30.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONVENIO

Ademais de en os supostos de cumprimento, o convenio extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 da TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 da TRLCSP.

Á extinción dos convenios de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do convenio como persoal da Administración contratante. (art. 326.4 TRLCSP)

31.- PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do convenio quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 305 da TRLCSP.

32.- CONFIDENCIALIDADE

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIOBP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

A empresa adjudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de convenio, e que teña a consideración de confidencial.

En calquera caso, estará suxeito ó cumprimento do Protocolo Municipal de Seguridade para a Protección de Datos de Carácter Persoal, así como a toda a lexislación vixente nesta materia.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adjudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adjudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Santiago de Compostela con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

33.- DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adjudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Santiago de Compostela con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adjudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adjudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adjudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.

34.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA POLOS DANOS CAUSADOS A TERCEIROS DURANTE A EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contratista será responsable dos danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

A tal fin concertará unha póliza de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

que deberá manter vixente durante a execución total do contrato, quedando obrigado a aportar ó Concello copia da mesma e do recibo en vigor e ó corrente do pagamento.

35.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES

A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios do convenio soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizárase á súa costa.

Transcorridos 4 meses desde a adxudicación definitiva do convenio sen que fora solicitada a súa devolución, o Concello de Santiago procederá, no momento que corresponda, á súa destrucción sen máis trámite.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONWIOBP	Expediente CON/45/2012	Fecha 17-07-12 10:32

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D., con D.N.I. nº, maior de idade, con domicilio en, vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Santiago de Compostela para a **Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social**, fai constar:

Que coñece os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas do concurso e aceptándoos incondicionalmente, e comprométese a asumir a xestión, cobertura e prestacións das contingencias previstas no obxecto do convenio, polo que formula a súa proposición optando á adxudicación do convenio nas condicións expostas nos sobres Nº 2 e Nº 3.

1.- A mutua ten centro/s sanitario/s asistencial/is propio/s no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro sanitario propio 1: enderezo:
- Denominación do centro sanitario propio 2: enderezo:

2.- A mutua ten centro/s hospitalario/s propio/s no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago. (No caso de non ofertar este servizo non se incluírá este punto no modelo de proposición).

- Denominación do centro hospitalario propio 1: enderezo:
- Denominación do centro hospitalario propio 2: enderezo:

3.- A mutua ten concerto con centro/s hospitalario/s no termo municipal de Santiago, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.

- Denominación do centro hospitalario concertado 1: enderezo:
- Denominación do centro hospitalario concertado 2: enderezo:

4.- A mutua comprométese a dispor de servizo de atención médica de urxencias con horario de 24 horas (todo o ano, 365 días) que sexa de uso exclusivo para os asegurados na mutua, e en centros sanitarios ou hospitalarios propios situados dentro do termo municipal de Santiago de Compostela. (No caso de non ofertar este servizo non se incluírá este punto no modelo de proposición).

- Denominación do centro sanitario/hospitalario propio : enderezo:

5.- A mutua ten a quilómetros do edificio da casa do Concello de Santiago, (Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, s/n), o seu centro sanitario asistencial propio máis próximo, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago.


- Denominación do centro sanitario propio: enderezo:

6.- A mutua ten centro/s hospitalario/s propio/s na comunidade autónoma de Galicia, para a cobertura das asistencias médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras para o persoal do Concello de Santiago. (No caso de non ofertar este servizo non se incluírá este punto no modelo de proposición).

- Denominación do centro hospitalario propio: enderezo:

(Lugar, data e sinatura do licitador)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32




ANEXO II

D./D^a _____ con DNI _____ e domicilio en _____ en nome propio ou en representación da empresa _____ á que representa no procedemento de adxudicación do convenio de **Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social declara** que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP.

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32



ANEXO III
(Modelo de Aval)

La Entidad _____ (1), con CIF nº _____, domicilio en (2) _____, nº _____, código postal _____, y en su nombre _____ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

AVALA

A _____ (4), con NIF/CIF nº _____ en virtud de lo dispuesto en los artículos 95 y siguientes del Texto Refundido de la Ley de Convenios del Sector Público (TRLCSP), para responder de las obligaciones derivadas del expediente ____/____ (5) relativo a la contratación de _____ (6) tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía _____ (7) por importe de _____ Euros (_____).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento de Contratación Administrativa. Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de convenios de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de contratación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en el TRLCSP y legislación complementaria.

En _____ a _____ de _____ de _____

Fdo. _____

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE _____(8)
Provincia Fecha Número o código

- (1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.
(4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Nº del expediente. (6) Objeto del convenio. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Cítese la Administración que bastantea el poder.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0BP	<i>Expediente</i> CON/45/2012	<i>Fecha</i> 17-07-12 10:32

INFORME DO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

Visto o expediente denominado "**Concertación dun convenio de asociación do Concello de Santiago de Compostela cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social**", quen subscribe informa que, de acordo co previsto no artigo 10 do Texto Refundido da Lei de Convenios do Sector Público (en adiante TRLCSP), nos atopamos ante un suposto de convenio de servizos, de carácter administrativo segundo o disposto no RD Lexislativo 1/1994 de 20 de xuño do TRLGSS e tramítarase por procedemento aberto, regulado nos artigos 157 a 161, seguindo os requisitos relativos á publicidade da licitación que establece o artigo 142 da TRLCSP.

O contido do prego de cláusulas administrativas particulares axústase ao establecido na TRLCSP na medida na que se define o obxecto do convenio e a súa codificación na nomenclatura CPV, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o convenio e réxime xurídico deste, os criterios de adjudicación coa súa correspondente ponderación, a duración concreta do mesmo e a existencia de crédito orzamentario con cargo ó que se aboará o prezo que aparece expresado claramente con individualización separada do importe do IVE.

Analizado, pois, o prego de cláusulas administrativas particulares, infórmase que cumpre coa totalidade dos requisitos esixidos pola TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento, en atención ó procedemento de adjudicación do convenio.

O expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do convenio e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 109 da TRLCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2012.



A XEFE DE SERVIZO,

Asdo.: Rocío Montañés Fernández

Conforme o Director da Asesoría Xurídica en funcións,

Asdo.: José Ramón Alonso Fernández

